

A axenda de Obama

Xulio Ríos (AGN, 09/11/2008)

Agardan a Obama serios retos. Os problemas que herda no eido económico non son menores, cunha recesión ás portas que promete ser longa e dura. No seu discurso da noite do martes, Obama sinalou algúns desafíos: dúas guerras, o planeta en perigo e a peor crise financeira nun século. Ata finais de setembro, o goberno acumulaba un déficit fiscal de 455.000 millóns de dólares. Obama abre esperanzas para reducir as desigualdades e revertir o proceso, escandaloso, de exencións tributarias promovido por Reagan e sucesores, como mecanismo primordial para fomentar o crecemento. Esta dimensión do seu proxecto, substancial para propiciar unha auténtica redistribución dos ingresos, non é menor en calado á esperanza de pasar páxina no problema racial, tan singular como a propia superación da indiferenza política entre as capas máis novas da sociedade e que nesta ocasión mobilizaronse de forma notoriamente visible. Estes dous factores indican a emerxencia de dúas claves internas que poden adquirir unha notable transcendencia na etapa política que agora se inicia, deixando atrás o ideario conservador baseado na triloxía: defensa forte, benestar baixo mínimos, presión fiscal á baixa. Á refundación republicana úrxelle atemperar estes vimbios.



No seu discurso da noite do martes, Obama sinalou algúns desafíos: dúas guerras, o planeta en perigo e a peor crise financeira nun século. Ata finais de setembro, o goberno acumulaba un déficit fiscal de 455.000 millóns de dólares. Obama abre esperanzas para reducir as desigualdades e revertir o proceso, escandaloso, de exencións tributarias promovido por Reagan e sucesores, como mecanismo primordial para fomentar o crecemento.

Por outra banda, se ben a economía será o tema principal da súa axenda, no tempo actual, a súa xestión semella inseparable do artellamento dunha diplomacia que mellore a imaxe internacional e renove os vínculos de EEUU cos seus principais aliados. Á primeira de cambio, en Europa lembrábase o discurso de Obama en Berlín e reclamábase esa disposición para construír, en común, un novo sistema de relacións globais que peche aquí o século XX e os seus pesados fardos. A aposta pola cooperación internacional e polo recurso a medidas diplomáticas, sinaladas como tendencias do seu programa, non suporán xiros de cento oitenta graos no facer de Washington, pero afastan maiores frustracións, especialmente entre todos aqueles, pequenos e grandes, amigos e rivais, que desconfían do predominio exclusivo da política de forza.

A crise financeira deixa como reto a importancia de encarar unha reforma a fondo das institucións establecidas sobre as cinzas da segunda guerra mundial. Sobre Obama pesará boa parte da responsabilidade de acadar un novo equilibrio entre a salvagarda dos intereses estatais estadounidenses e a afirmación dun multilateralismo que, paso a paso, facilite unha maior pluralidade na xestión do sistema global.

Xulio Ríos, director do Igadi.